



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación do libro *Icía quere cambiar o mundo*, de Fina Casalderrey

Parlamento de Galicia, 19 de xuño de 2015
11.30 h.

Membros da Mesa do Parlamento,
Deputados e deputadas,
Presidente da Real Academia Galega,
Carmen Pernas (ilustradora)
Amiga Fina Casalderrey,
Alumnas e alumnos,
Amigas e amigos:

O meu saúdo de hoxe ten que ser pouco protocolario e debe abranguer a todos os que estamos aquí celebrando o nacemento dun pequeno gran libro. Por iso, a mellor palabra que podo pronunciar e que atinxa a todos –autora, autoridades, nenos e nenas– é QUERIDOS AMIGOS.

Pois todos os que estamos arredor deste nacemento literario temos lazos de amizade con Fina Casalderrey. E todos os que aquí compartimos a presentación admiramos fondamente a súa obra e o seu traballo a prol da literatura galega en xeral e da literatura infantil en particular.

Falaba do nacemento dun novo libro. Sempre un nacemento, dun libro ou dun cativo, é unha regalía para todos nós. Os nenos son o futuro. E os libros, ¿que son?

Os libros son as ferramentas que van axudar os nenos e os máis vellos a entender, a comprender, a mellorar o mundo que nos rodea. Nos libros atoparemos información, formación, soños... Cos libros viaxaremos a mundos reais ou ficticios. Cos libros camiñaremos por países descoñecidos, que, grazas a eles, se farán familiares. Os



libros son os amigos fieis que sempre estarán agardando que alonguemos a man para compartir con nós unha silandeira e enriquecedora xornada.

Neste libro, Fina cóntanos as aventuras de Icíá e Fiz, e mais o avó Félix.

Fina aproveita a visita que os rapaces fan ao Parlamento de Galicia, xunto cun feixe de nenos da súa escola, para “explicarlles” o que aquí se fai, e a súa importancia, os lugares que van coñecer e o soño que Icíá ten.

¡É o soño parlamentario máis bonito que coñezo!

No libro cóntannos tamén as aventuras e traxedias de Penaval e a cruzada que os cativos levan a cabo para salvar as aves e mais a fauna toda.

Todos ides gozar moito –estou segura– da nova creación literaria de Fina. É máis que un conto. É unha novela a través da que se aprende vida parlamentaria, educación cívica, educación ambiental, defensa do medio ambiente...

Estou certa de que Fina nos vai convencer a todos da mellora que o mundo precisa, á que o Parlamento de Galicia non pode nin debe permanecer alleo.

O Parlamento de Galicia é a casa de todas as nenas e nenos de Galicia e a eles se dirixe precisamente este libro. Porque os nenos e as nenas son o alicerce indispensable para asegurar o futuro de Galicia, que se constrúe, tamén, a cotío, desde esta casa.

Que os máis novos coñezan o que aquí se fai, que o valoren e, se fose posible, que nos visiten, como fan hoxe os alumnos e alumnas que nos acompañan. É un dos obxectivos buscados con este libro de Fina Casalderrey, á que volvo agradecer e felicitar polo resultado deste seu novo traballo que será capaz de entusiasmar, como fai habitualmente, cativos e maiores.



Agradezo ao presidente da Real Academia Galega a súa participación neste acto, o mesmo que a Xavier Senín. Parabéns a Carmen Pernas polos debuxos que ilustran a obra. A Tórculo, pola preciosa edición. E aos nenos do IES Rosalía de Castro, dobre agradecemento: pola súa presenza e pola marabillosa representación que fixeron.

Grazas a todos.